

SECRETARÍA GOBERNO  
LOCAL

Concellería  
de SEGURIDADE,  
CONTRATACIÓN, FESTAS E  
XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO DE  
VIGO



**INFORME XURÍDICO CON PROPOSTA DE RESOLUCIÓN** **Expte: 2054/1102**

Informe xurídico de solicitude de acceso á información pública

Antecedentes

En data 14.03.2026 [REDACTED] presenta solicitude ao abeiro da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (LTAIBG), de acceso á información pública no que interesa que se lle facilite información que a afectos académicos relativa ao sector do taxi no municipio de Vigo e concretamente,

- 1.Número de licenzas de taxi do municipio nos anos 2005, 2015, 2020 e 2024.
- 2.Prezo/valor medio das licenzas de taxi nos mesmos anos.
- 3.Número de autorizacións VTC no ámbito municipal ou, na súa falta , provincial, para os anos indicados.
- 4.Tarifa oficial dun traxecto de 5 km en horario diúrno no ano 2005.
- 5.Número de viaxantes internacionais que recibiu o municipio nos anos 2005 e 2015.
- 6.Ingresos medios por licenza de taxi nos anos 2005, 2015, 2020 e 2024.
- 7.Calquera outra información relativa ao taxi que obre no seu poder por exemplo, distribución das licenzas ou número de compravendas de licenzas de taxi así como regulamentos municipais aplicables ou informes/estadísticas internas.

En data 7.04.2026, previa solicitude, emitíuse informe do servizo de Transportes.

LEXISLACION APLICABLE

- [Constitución Española de 1978](#)
- [Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público \(LRXSP\)](#)
- [Lei 7/1985, do 2 de abril, das Bases do Réxime Local \(LBRL\)](#)
- [Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas \(LPAC\)](#)
- [Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública](#)

|                                                                                                                                                                                                  |                                  |               |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------|---------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo                                                                                                                                                            | Data impresión: 27/04/2026 13:58 | Páxina 1 de 6 |
| 2054-1102                                                                                                                                                                                        | CSV: [REDACTED]                  |               |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |                                  |               |

**SECRETARÍA GOBERNO  
LOCAL**

**Concellería  
de SEGURIDADE,  
CONTRATACIÓN, FESTAS E  
XESTIÓN MUNICIPAL**

**CONCELLO DE  
VIGO**



e Bo Goberno (LTAIBG)

- Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais (LOPDGDD)
- Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE (RGPD)

## CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

### PRIMEIRO.- Do acceso á información.-

A Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, regula no seu artigo 12 o dereito de acceso á información pública, preceptuando que *"Todas las personas tienen derecho a acceder a la información pública, en los términos previstos en el artículo 105,b) de la Constitución Española, desarrollados por esta Ley.*

*Asimismo, y en el ámbito de sus respectivas competencias, será de aplicación la correspondiente normativa autonómica."*

O acceso á información constitúe un verdadeiro dereito subxectivo que se configura de maneira ampla en tanto que son titulares do mesmo todas as persoas sen que as mesmas teñan que alegar interese específico nin ser preciso a motivación da súa solicitude.

Aos efectos da LTAIBG (artigo 13) enténdese por información pública *"los contenidos o documentos, cualquiera que sea su formato o soporte, que obren en poder de alguno de los sujetos incluidos en el ámbito de aplicación de este título y que hayan sido elaborados o adquiridos en el ejercicio de sus funciones."* É precisamente a "información pública" así concibida sobre a que se proxecta o exercicio do dereito de acceso nos termos sinalados no artigo 17.1 LTAIBG: *"El procedimiento para el ejercicio del derecho de acceso se iniciará con la presentación de la correspondiente solicitud, que deberá dirigirse al titular del órgano administrativo o entidad que posea la información"*.

A Lei define o obxecto dunha solicitude de acceso á información en relación a información que xa existe, por canto está en posesión do Organismo que recibe a solicitude, ben porque o mesmo a elaborou ou ben porque a obtivo no exercicio das

Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 27/04/2026 13:58

Páxina 2 de 6

2054-1102

CSV:

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

**SECRETARÍA GOBERNO  
LOCAL**

**Concellería  
de SEGURIDADE,  
CONTRATACIÓN, FESTAS E  
XESTIÓN MUNICIPAL**

**CONCELLO DE  
VIGO**



funcións e competencias que ten encomendadas. E iso, para garantir o obxectivo que persegue a norma e que non é outro que *"ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública, regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade"* (art. 1 de la LTAIBG).

A LTAIBG recoñece no seu artigo 12 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, e o seu obxectivo é someter a escrutinio a acción dos responsables públicos, coñecer como se toman as decisións que afectan os cidadáns, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións. Neste sentido, o Preámbulo da LTAIBG, sinala que *"A transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política. Só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións poderemos falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos."*

## **SEGUNDO.- Da solicitude formulada**

O solicitante interesa información relativa ao sector do Taxi.

En data 7.04.2026 o servizo de Transportes emite informe no que indica

### 1. Número de licenzas de taxi do municipio nos anos 2005, 2015, 2020 e 2024.

Año 2005 ....553

Año 2015 ...553

Año 2020.....551

Año 2024 ....550

### 2. Prezo/valor medio das licenzas de taxi nos mesmos anos.

No consta esta información no servizo de transportes por non ser un requisito esixible para a tramitación dos expedientes.

### 3. Número de autorizacións VTC no ámbito municipal o, no seu defecto, provincial, para os anos indicados.

No figura autorizada ningunha VTC no ámbito urbano

A concesión das autorizacións VTC que excedan do ámbito municipal corresponde a Xunta de Galicia

Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 27/04/2026 13:58

Páxina 3 de 6

2054-1102

CSV:

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

**SECRETARÍA GOBERNO  
LOCAL**

**Concellería  
de SEGURIDADE,  
CONTRATACIÓN, FESTAS E  
XESTIÓN MUNICIPAL**

**CONCELLO DE  
VIGO**



#### 4. Tarifa oficial dun traxecto de 5 km en horario diúrno no ano 2005.

Tarifas aprobadas para o ano 2005

TARIFA 1 (aplicable días laborais de 6.00 a 22.30 horas)

|                                         |         |
|-----------------------------------------|---------|
| - Tarifa mínima (1.800 m e/ou 5,10 min) | 2.44 €  |
| - Km percorrido                         | 0.64 €  |
| - Hora de espera                        | 13.04 € |
| - Suplemento aeroporto                  | 3.06 €  |
| - Suplemento Cotogrande                 | 2.12 €  |
| - Maletas e bultos análogos             | 0.39 €  |

TARIFA 2 (aplicable domingos e festivos, 24 e 31 de decembro, sábado dende as 15.00 horas e servizo nocturno de 22.30 a 6.00 horas)

|                                         |        |
|-----------------------------------------|--------|
| - Tarifa mínima (1.200 m e/ou 3,26 min) | 2.44 € |
| - Km percorrido                         | 0.66 € |
| - Hora de espera                        | 13.04€ |
| - Suplemento aeroporto                  | 3.06 € |
| - Suplemento Cotogrande                 | 2.12 € |
| - Maletas e bultos análogos             | 0.39 € |

#### 5. Número de viaxeiros internacionais que recibiu o municipio nos anos 2005 e 2015.

No consta esta información no Servizo de Transportes.

#### 6. Ingresos medios por licenza de taxi nos anos 2005, 2015, 2020 e 2024.

Non figuran estudos no Servizo de Transportes .

7. Calquera outra información relativa ao taxi que obre no seu poder por exemplo, distribución das licenzas o número de compraventas de licenzas de taxi así como regulamentos municipais aplicables o informes/estadísticas .

Transmisións de licencias

2005... 9 transmisións

2015....18 transmisións

2020 .....7 transmisións

Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 27/04/2026 13:58

Páxina 4 de 6

2054-1102

CSV:

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

**SECRETARÍA GOBERNO  
LOCAL**

**Concellería  
de SEGURIDADE,  
CONTRATACIÓN, FESTAS E  
XESTIÓN MUNICIPAL**

**CONCELLO DE  
VIGO**



2024 ... 17 transmisións"

Toda vez que a información solicitada dispoñible segundo o informe do servizo de Transportes constitúe información pública nos termos sinalados no artigo 13 da LTAIBG procede facilitar a información solicitada.

### **TERCEIRO.- Do órgano competente**

A resolución da solicitud corresponde á Concelleira de Seguridade, Contratación, e Xestión Municipal segundo Resolución de Alcaldía de delegacións específicas do 28.06.2024.

Polo exposto fórmase a seguinte **PROPOSTA**:

**PRIMEIRO.-** Estimar parcialmente a solicitud formulada por [REDACTED] e facilitar a información remitida polo servizo de Transportes que se recolle no apartado segundo das consideracións xurídicas xunto coa ordenanza municipal do taxi.


**SEGUNDO.-** Notificar ao solicitante indicándolle que contra a resolución de acceso a información pública que pon fin á vía administrativa poderán interpoñerse os recursos ou reclamacións que a continuación se indican:

- a) Recurso contencioso-administrativo perante a sección do contencioso-administrativo do Tribunal de instancia de Vigo, dentro do prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da recepción desta notificación.
- b) Con carácter potestativo, reclamación previa á súa impugnación ante a xurisdición contencioso-administrativa perante o Valedor do Pobo de Galicia, dentro do prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción desta notificación ou desde o día seguinte a aquel en que se produzan os efectos do silencio administrativo. No caso de optar pola reclamación non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que aquela sexa resolta expresamente ou se produciase a súa desestimación por silencio administrativo.

Todo iso sen prexuízo de calquera outro recurso ou acción que estime procedente".

A Secretaria de Goberno Local, Susana Gallardo Fariña

**DECRETO:** Vista a precedente proposta, **RESOLVO DE CONFORMIDADE COA MESMA.**



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 27/04/2026 13:58

Páxina 5 de 6

2054-1102

CSV: [REDACTED]

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

**SECRETARÍA GOBERNO  
LOCAL**

**Concellería  
de SEGURIDADE,  
CONTRATACIÓN, FESTAS E  
XESTIÓN MUNICIPAL**


**CONCELLO DE  
VIGO**



Vigo, data segundo sinatura electrónica á marxe

A Concelleira de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, Dona. Patricia Rodriguez Calviño (Resolución da Alcaldía de data 19.06.2023 modificada por Resolución de data 28.06.2024 e Resolución de delegación específicas de data 28.06.2024, BOP nº 133 de data 9.07.2024)

Dou fe, a secretaria



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 27/04/2026 13:58

Páxina 6 de 6

2054-1102

CSV:

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>